

As miñas pernas
embarazadas,
fanse donas do bater de ás do camiño que conduce ao regueiro
Sorrín
ao abrazarse por un longo minuto cos pés rebuldeiros,
eses pés piraña,
omnipresentes na auga,
omnívoros de auga doce,
carnívoros de nenúfares e flor de loto,
veleiros sen fin,
viraventos sen rumbo,
compases de samba e cha-cha-chá,
dentistas de cinco, e cinco e dez,
cisnes,
parella apropiada do esplendor do momento,
dueto modernista en follas de papel branco sen poesía e calcañares con salvavidas.
Sabes que soñei iso a noite pasada?